INSERCIÓN LABORAL

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Estudo da inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012 **(EILMasteres1112)**

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5º andar
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174
Correo-e: insercion.laboral@acsug.es; acsug@acsug.es
Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA

ACSUG está rexistrada no EQAR

ACSUG é membro de ECA

A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

ÍNDICE

1. Introdución 4
1.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG 2011-2012 5
2. Datos técnicos do estudo 6
3. Resultados 7
3.1. Motivacións para realizar o Máster 7
3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster 8
3.2.1. Actividade laboral previa á realización do Máster 8
3.3. Traxectoria laboral posterior á realización do Máster 8
3.3.1. Actividade laboral posterior ao Máster 8
3.3.2. Tempo medio en atopar emprego desde a fin do Máster 9
3.4. Situación laboral actual (no momento de realizar a enquisa) 10
3.4.1. Actividade laboral actual 10
3.4.2. Relación do posto de traballo co Máster 11
3.4.3. Lugar de traballo 11
3.4.4. Modalidade de contratación 12
3.4.5. Salario 12
3.5. Valoración final 14
3.6. Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de idiomas 15

ANEXOS 16
Anexo I. Grupo de traballo 16
Anexo II. Cuestionario 17
Anexo III. Distribución dos másteres por rama de coñecemento e universidade 27
Anexo IV. Estudos de inserción laboral da ACSUG 31

1. Introdución

No ano 2013, a **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia** (ACSUG) foi pioneira comezando un novo proxecto analizando a situación laboral dos **titulados en másteres** oficiais no **Sistema Universitario de Galicia** (SUG). Dándolle continuidade a este proxecto, a ACSUG publica o seu terceiro informe "**Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012**" (EILMasteres1112).

A actual estrutura dos estudos universitarios: grao, máster e doutoramento, froito do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), reflicte a necesidade de coñecer a situación, tanto desde un punto de vista académico como laboral, dos titulados universitarios en másteres oficiais, complementando a información existente actualmente sobre os titulados en graos. Polo que o obxectivo principal deste informe é proporcionar información sobre os titulados universitarios en másteres no SUG, de xeito que os resultados acadados contribúan á mellora da calidade das ensinanzas universitarias ofertadas aos futuros estudantes.

Nesta publicación, analízanse os resultados obtidos na terceira enquisa realizada aos titulados universitarios en másteres oficiais no SUG entre xuño e xullo de 2015, aproximadamente aos tres anos despois de rematar o máster. Nesta ocasión, acadouse unha mostra de 1.907 titulados en másteres sobre unha poboación de 2.728, o que representa un 69,90% da poboación total de titulados no curso académico 2011-2012.

A información recollida neste informe contempla as seguintes temáticas: valoracións dos titulados en másteres sobre aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación principal para realizar estudos de másteres e valoracións sobre a experiencia laboral nestes últimos anos, antes e despois da realización do máster.

A publicación estruturouse en seis capítulos. Comeza nos dous primeiros coa presentación do informe e dos obxectivos específicos do estudo. Con respecto aos obxectivos do estudo, séguense a manter os do proxecto orixinal: "proporcionar información dos titulados universitarios en másteres oficiais no SUG sobre dúas temáticas principais: a súa percepción sobre a formación e a universidade (aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación para realizar o máster, etc.) e a súa situación laboral, tanto previa como posterior á realización do máster".

No terceiro capítulo realízase a contextualización da poboación e preséntase a metodoloxía empregada no estudo. Deseguido, os capítulos catro e cinco constitúen o eixe central do estudo. No capítulo catro detállanse os resultados acadados nesta terceira enquisa: comézase coa presentación dun resumo executivo breve dos resultados máis significativos acadados; continúase coas análises sobre a descritiva da poboación, a motivación para a realización do máster e a valoración de distintos aspectos organizativos e de desenvolvemento do programa formativo, a situación laboral anterior á realización do máster, o acceso ao emprego tras a realización do máster e a situación laboral actual; e conclúese coa valoración final do máster. A continuación, no capítulo cinco preséntanse os resultados acadados de xeito particular para o Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Con este terceiro informe xa se poden analizar as tendencias dalgúns indicadores, polo que o capítulo seis inclúe unha análise comparativa dos resultados obtidos nos cursos académicos 2011-2012, 2010-2011 e 2009-2010. En calquera caso, a comparativa non é plena, xa que ao estar as universidades en pleno proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, os cambios e transformacións que se dan coa creación, extinción e modificacións dos másteres oficiais provocan que o seu número, e mesmo as súas estruturas e programas, aínda estean nun proceso de variación de ano en ano. Así, o número de másteres analizados no EILMasteres0910 foi de 127, no EILMasteres1011 de 148 másteres, e no actual estudo avalíanse 170 másteres, polo que non son plenamente coincidentes as titulacións das distintas cohortes.

O informe conclúese cos anexos. Neles compleméntanse a información presentada nos distintos capítulos, contextualizando o desenvolvemento da enquisa (ficha técnica, cuestionario, distribución dos másteres por rama de coñecemento e universidade, distribución dos másteres na comparativa de estudos e agrupación das especialidades do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas), e mais as referencias e bibliografía complementaria.

1.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG 2011-2012

Coa elaboración deste estudo de inserción laboral preténdese obter información sobre os seguintes ítems.

- A percepción dos titulados en másteres sobre a formación e a universidade:
  - Realización, organización e utilidade das prácticas en empresas nos másteres
  - Consideracións sobre a planificación e organización do máster
  - Titulacións rematadas e motivos para cursar estudos de máster
- Características da situación laboral dos titulados en másteres:

  Acceso ao emprego

  - Procura de traballo
  - Tempo que se tarda en atopar emprego
  - Grao de uso das distintas vías de procura de emprego e a súa eficiencia
  - Vía propiciatoria do primeiro emprego
  - Número de contratos e empresas

  Condicións laborais

  - Capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados en másteres
  - A importancia dos distintos factores para obter un emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación)
  - Análise das condicións básicas da traxectoria laboral posterior ao máster (tempo empregado, salario medio, relación dos empregos co máster…)
  - As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa...) no traballo actual
  - Competencias, coñecementos e aptitudes necesarias para o desenvolvemento do seu traballo
  - Grao de satisfacción co máster en función da súa traxectoria laboral e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos

2. Datos técnicos do estudo

A **poboación** obxecto de estudo está constituída polos titulados en másteres no Sistema Universitario de Galicia correspondentes ao curso académico 2011-2012; en concreto, son titulados que estiveron matriculados no curso académico 2011-2012 e que fixeron o depósito do título ao longo do ano 2012. A enquisa realizouse entre xuño e xullo do 2015, aproximadamente 3 anos despois de remataren os seus estudos de máster, polo que estamos a falar de titulados recentes.

O número de másteres analizados ascende a 170, cunha media de 18,31 estudantes por máster, cifra que aumentou de xeito importante desde os 12,85 do curso 2009-2010 e os 13,8 do curso 2010-2011. Unha mostra da boa percepción que o alumnado ten dos másteres, e que se irá incrementando na medida en que estes axuden no desenvolvemento dunha carreira laboral acorde ás expectativas.

A Táboa 1 e a Táboa 2 recollen o tamaño da poboación e mostra empregada para a realización do estudo desagregada por cada unha das universidades do SUG.

Universidade	Poboación 2011-2012	Mostra 2011-2012
A Coruña	594	415
Santiago de Compostela	925	628
Vigo	1.209	864
SUG	**2.728**	**1.907**

Táboa 2.1. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2011-2012. Tamaño de poboación e mostra por universidade e para o total do SUG.

A poboación e a mostra acadada agrupouse nas seguintes ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. Para realizar a clasificación dos másteres nas distintas ramas de coñecemento tívose en conta a rama de coñecemento na que figuraba adscrito o título no seu proceso de verificación. No anexo III pódese consultar a distribución dos másteres nas distintas ramas de coñecemento.

Rama de coñecemento	Poboación 2011-2012	Mostra 2011-2012
Artes e Humanidades	223	161
Ciencias	326	220
Ciencias da Saúde	312	220
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.349	931
Enxeñaría e Arquitectura	518	375
SUG	**2.728**	**1.907**

Táboa 2.2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2011-2012. Tamaño de poboación e mostra por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Co obxectivo de garantir a maior representatividade para cada un dos másteres no SUG, realizouse un **estudo exhaustivo** contactando con todos e cada un dos individuos que constituían a poboación, polo que non se realizou unha mostraxe aleatoria.

O **erro de mostraxe** global acadado para os titulados en másteres no SUG sitúase no +/-1,23%, cun nivel de confianza do 95%, e oscila entre o +/-1,79% e o +/-4,07% por rama de coñecemento.

A **recollida de información** realizouse mediante enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI).

3. Resultados

3.1. Motivacións para realizar o Máster

O motivo máis destacado para realizar estudos de máster é **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais e acadar un maior desenvolvemento profesional** (63,7%). Á súa vez, complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación sitúase como segundo motivo en importancia, cun 31,9%, seguido dun 15,0% de titulados que afirmaron que o máster **era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego ou perspectiva laboral** (profesores de secundaria, avogados, etc.).

Motivación	% titulados en másteres 2011-2012 no SUG
Complementar a formación académica (investigación)	31,9%
Complementar a formación académica (traballo)	63,7%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	3,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	15,0%
Outros	2,4%

Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

O motivo de **complementar a formación académica de cara ao mercado laboral** é maioritario nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (76,8%), Ciencias da Saúde (53,6%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (65,7%). Pola súa parte, en Artes e Humanidades (54,0%) e en Ciencias (57,3%) son máis os que sinalan o motivo de **complementar a formación de cara á investigación**. Os titulados que afirmaron cursar o máster porque **era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego** contan cun peso particularmente destacado na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (27,0%), debido a presenza nesa rama do Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Motivación	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura	SUG
Complementar a formación académica (investigación)	54,0%	57,3%	49,5%	20,0%	26,9%	31,9%
Complementar a formación académica (traballo)	54,7%	49,1%	53,6%	65,7%	76,8%	63,7%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	3,1%	3,2%	1,8%	3,7%	4,0%	3,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	3,1%	3,2%	3,6%	27,0%	4,0%	15,0%
Outros	4,3%	2,7%	2,7%	1,7%	2,9%	2,4%

Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster

Ao longo do presente apartado analízase a situación laboral previa á realización do Máster dos titulados en másteres no SUG.

3.2.1. Actividade laboral previa á realización do Máster

Actividade laboral previa á realización do máster: un 63,6% dos titulados en másteres no SUG xa **traballaban con anterioridade á realización do máster**, porcentaxe que se supera ata o 69,9% e o 66,3% nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura e de Ciencias Sociais e Xurídicas respectivamente, e que diminúe ata o 51,4% no caso de Ciencias. O restante 36,5% de titulados en másteres no SUG que non traballaban divídese nun 10,1% que **buscou emprego pero non o atopou** e nun 26,4% que **nin sequera o buscou**.

Rama de coñecemento	Nin traballou nin buscou emprego	Buscou emprego e non o atopou	Traballou	Non traballaba ao iniciar o máster	Deixou o traballo para facer o máster	Simultaneou traballo e máster
Artes e Humanidades	30,4%	7,5%	62,1%	26,0%	5,0%	69,0%
Ciencias	37,3%	11,4%	51,4%	28,3%	14,2%	57,5%
Ciencias da Saúde	35,0%	10,5%	54,5%	26,7%	5,8%	67,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	23,4%	10,3%	66,3%	34,7%	12,2%	53,2%
Enxeñaría e Arquitectura	20,5%	9,6%	69,9%	17,2%	8,4%	74,4%
SUG	**26,4%**	**10,1%**	**63,6%**	**28,8%**	**10,3%**	**60,9%**

Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados para o total do SUG.

Situación laboral no momento de comezar o máster dos titulados no SUG que traballaran antes de realizalo: a maioría, o 60,9%, **simultaneou o traballo co máster**, e son as ramas de Enxeñaría e Arquitectura (74,4%), Artes e Humanidades (69,0%) e de Ciencias da Saúde (67,5%) as que presentan unhas porcentaxes máis altas. Á súa vez, só un 10,3% dos titulados que traballaran antes do máster **deixaron o seu emprego para cursar o máster**, porcentaxe que é maior nas ramas de Ciencias (14,2%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (12,2%). Por outra banda, o 28,8% dos titulados **que traballaran antes do máster non tiñan emprego** no momento de comezar a cursalo.

3.3. Traxectoria laboral posterior á realización do Máster

Neste apartado analízase a relación co mercado laboral dos titulados en másteres no SUG desde o momento no que remataron o máster ata o momento da realización da enquisa.

3.3.1. Actividade laboral posterior ao Máster

Un 93,3% dos titulados de máster **traballaron nalgún momento desde que remataron o máster**, porcentaxe que se divide nun 77,7% que **traballa actualmente** (un 4,2% máis ca no estudo previo) e un 15,7% que **non traballa** no momento de realizar a enquisa **pero si o fixo nalgún momento desde que rematou o máster**. Tan só un 8,1% dos titulados **non traballaron en ningún momento desde que remataron o máster**.

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa na actualidade, pero si o fixo despois do máster	Non traballou desde a fin do máster
Artes e Humanidades	73,9%	16,8%	9,3%
Ciencias	72,7%	15,9%	11,4%
Ciencias da Saúde	79,5%	13,2%	7,3%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,7%	17,3%	6,0%
Enxeñaría e Arquitectura	83,5%	12,5%	4,0%
SUG	**77,7%**	**15,7%**	**8,1%**

Táboa 3.4. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 3.1. Situación laboral desde a finalización do máster.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Por ramas de coñecemento, os mellores resultados en canto ao acceso ao emprego despois do máster preséntanos as ramas de Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias Sociais e Xurídicas. Na primeira, un 96,0% dos titulados traballou nalgún momento desde a finalización do máster, e ata un 83,5% traballa na actualidade. En canto á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, estas porcentaxes son do 93,4% para os que traballaron tras remataren o máster, e do 76,7% para os que contan cun emprego actualmente.

Resulta salientable tamén que case o 80,0% dos titulados en másteres de Ciencias da Saúde teñen un emprego na actualidade. Pola contra, a rama de Ciencias, ten os peores datos neste sentido e é a única rama onde máis do 10% de titulados non traballaron despois do máster.

3.3.2. Tempo medio en atopar emprego desde a fin do Máster

O **tempo medio** para que un titulado do SUG atope **o seu primeiro traballo despois de rematar o máster** é de 7,71 meses. Os titulados que acceden máis axiña ao mercado laboral tras o máster son os de Enxeñaría e Arquitectura (7,30 meses) e Ciencias (7,56 meses). A poboación titulada en Artes e

Humanidades (8,66 meses) son os que máis tardan. Así mesmo, obsérvase que se reducen as disparidades existentes entre os titulados das diferentes ramas e que se produce unha notable redución do 7% nesta variable con respecto ao estudo anterior (EILMasteres1011[1]).

Rama de coñecemento	Tempo medio (en meses)
Artes e Humanidades	8,66
Ciencias	7,56
Ciencias da Saúde	7,77
Ciencias Sociais e Xurídicas	7,73
Enxeñaría e Arquitectura	7,30
SUG	**7,71**

Táboa 3.5. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4. Situación laboral actual (no momento de realizar a enquisa)

Neste apartado analízase a situación na que se atopaban os titulados en másteres do SUG no curso 2010-2011 no momento de realización da enquisa. No caso dos titulados que estiveran a traballar estudaranse, ademais, as características do seu posto de traballo e mais a adecuación da súa formación a el, entre outros aspectos.

3.4.1. Actividade laboral actual

Un 77,7% dos titulados en másteres no SUG **traballaba no momento da realización da enquisa**, mentres que un 15,5% non traballaba pero estaba á procura de emprego e un 6,8% dos titulados **nin traballaba nin buscaba emprego.**

En canto á análise por ramas de coñecemento, hai que comezar sinalando que en todas as ramas a porcentaxe que traballa na actualidade é superior á do estudo precedente (EILMasteres1011), con incrementos que van desde o 2,4% da rama de Ciencias da Saúde ata o 7,5% da rama de Artes e Humanidades. Por outra parte, a poboación titulada en másteres da rama de Enxeñaría e Arquitectura son os que traballan en maior porcentaxe, un 83,5%, e os titulados da rama de Ciencias da Saúde, co 79,5%, son os que se sitúan a continuación. Pola contra, as porcentaxes máis baixas preséntanas as ramas de Ciencias e de Artes e Humanidades, aínda que en ambos os dous casos con porcentaxes superiores ao 72%.

Analizando a situación dos titulados que non traballan e tampouco buscan emprego, destacan as porcentaxes de titulados que **realizan outros estudos** (3,5%), principalmente de doutoramento e de grao, **están a preparar oposicións** (2,0%) –porcentaxe significativamente superior á do estudo precedente- e argumentan **outro tipo de motivos** (1,4%).

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa, pero busca emprego	Nin traballa, nin busca emprego
Artes e Humanidades	73,9%	17,4%	8,7%
Ciencias	72,7%	15,9%	11,4%
Ciencias da Saúde	79,5%	10,9%	9,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,7%	17,3%	6,0%
Enxeñaría e Arquitectura	83,5%	12,8%	3,7%
SUG	**77,7%**	**15,5%**	**6,8%**

Táboa 3.6.Situación actual (no momento de realizar a enquisa). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

[1] *Estudo da inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011*

3.4.2. Relación do posto de traballo co Máster

Un 47,5% dos titulados en másteres do SUG afirman que **o seu traballo está bastante ou moi relacionado co máster que cursou**.

Por ramas de coñecemento, os maiores niveis de vinculación entre o traballo e o máster danse nas ramas de Ciencias, cun 60,6%, e de Artes e Humanidades, cun 57,1% de titulados que catalogan a relación como bastante ou moita. Pola contra, en Ciencias da Saúde esta porcentaxe redúcese ao 42,9%. Con todo, as porcentaxes de titulados que afirman que a relación do máster e o seu emprego é bastante ou moita aumenta en todas as ramas con respecto ao EILMasteres1011, non sendo na rama de Enxeñaría e Arquitectura, na que basicamente se mantén.

Rama de coñecemento	Nada relacionado	Pouco relacionado	Algo relacionado	Bastante relacionado	Moi relacionado
Artes e Humanidades	20,2%	12,6%	10,1%	16,8%	40,3%
Ciencias	25,0%	6,9%	7,5%	15,6%	45,0%
Ciencias da Saúde	27,4%	14,9%	14,9%	18,3%	24,6%
Ciencias Sociais e Xurídicas	29,3%	12,3%	14,3%	15,8%	28,3%
Enxeñaría e Arquitectura	25,9%	13,4%	13,1%	19,5%	28,1%
SUG	**27,1%**	**12,3%**	**13,0%**	**16,9%**	**30,6%**

Táboa 3.7. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4.3. Lugar de traballo

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** 86,2% no momento da realización da enquisa. Fóra da comunidade galega o 11,3% dos titulados atópase traballando **no resto de España**, e o 2,5% **fóra de España**, dos que a maior parte proceden de países pertencentes á Unión Europea.

Por ramas de coñecemento, destaca que máis da metade dos titulados en másteres das ramas de Ciencias da Saúde e de Artes e Humanidades, un 62,9% e un 52,1% respectivamente, están empregados na provincia da Coruña. Os titulados da rama de Enxeñaría e Arquitectura nun 38,7% atópanse traballando na provincia de Pontevedra e o 40% dos de Ciencias na provincia da Coruña. Na provincia de Ourense as porcentaxes de titulados superan o 10% nas ramas de Ciencias e de Ciencias Sociais e Xurídicas, e na provincia de Lugo desenvolven o seu traballo ata o 8,6% dos titulados da rama de Ciencias da Saúde. A maior porcentaxe de titulados que traballan fóra de Galicia dáse na rama de Ciencias, case o 17%, mentres que as ramas de Artes e Humanidades e de Enxeñaría e Arquitectura son as que presentan unha maior presenza de titulados que traballan fóra do estado español, máis do 3% en ambos os dous casos.

En canto a análise por ramas de coñecemento, a maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** no momento da realización da enquisa.
Por ramas de coñecemento, destacan as ramas de Ciencias da Saúde, con un 94,3% e Artes e Humanidades, con un 89,0%. A maior porcentaxe de titulados que traballan fóra de Galicia dáse na rama de Ciencias, case o 17%, mentres que as ramas de Artes e Humanidades e de Enxeñaría e Arquitectura son as que presentan unha maior presenza de titulados que traballan fóra do estado español, máis do 3% en ambos os dous casos.

Rama de coñecemento	Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
Artes e Humanidades	89,0%	7,6%	1,7%	1,7%
Ciencias	83,1%	15,0%	1,3%	0,6%
Ciencias da Saúde	94,3%	5,7%	0,0%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	85,3%	11,9%	2,2%	0,6%
Enxeñaría e Arquitectura	84,4%	12,5%	2,6%	0,6%
SUG	**86,2%**	**11,3%**	**1,9%**	**0,6%**

Táboa 3.8.Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4.4. Modalidade de contratación

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa por conta allea** (87,0%) no momento da realización da enquisa, mentres que tan só un 13% o fai por **conta propia**, dos que o 92,7% están dados de alta na Seguridade Social. Dentro dos titulados que traballan por conta allea, a práctica totalidade, un 99,5%, cotiza á Seguridade Social, dos cales o 40% conta cun contrato fixo, mentres que o 45,7% ten un contrato de tipo temporal, un 8,6% son bolseiros e un 5,5% ten un contrato en prácticas.

As ramas que presentan unha maior porcentaxe de titulados con contrato fixo son Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, cun 44,7% e un 43,6% respectivamente.

Rama de coñecemento	Fixo	Temporal	Bolseiro	En prácticas	Outros
Artes e Humanidades	35,7%	37,8%	23,5%	3,1%	0,0%
Ciencias	19,6%	55,4%	18,2%	6,8%	0,0%
Ciencias da Saúde	38,0%	51,3%	7,6%	3,2%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	44,7%	45,5%	3,9%	5,4%	0,5%
Enxeñaría e Arquitectura	43,6%	40,2%	9,0%	7,1%	0,0%
SUG	**40,0%**	**45,7%**	**8,6%**	**5,5%**	**0,2%**

Táboa 3.9. Modalidade de contratación dos traballadores por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4.5. Salario

Salario por sexo: O salario medio da poboación titulada en másteres no SUG é de 1.203,75 euros. Por ramas de coñecemento os titulados que perciben un maior salario medio son os da rama de Enxeñaría e Arquitectura, con 1.349,33 euros, ao igual que ocorría no estudo anterior (EILMasteres1011)

Rama de coñecemento	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario medio
Artes e Humanidades	1.071,76 €	1.265,52 €	1.121,05 €
Ciencias	1.158,95 €	1.122,58 €	1.144,59 €
Ciencias da Saúde	1.231,88 €	1.479,31 €	1.274,85 €
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.048,05 €	1.335,00 €	1.149,78 €
Enxeñaría e Arquitectura	1.232,69 €	1.411,86 €	1.349,33 €
SUG	**1.114,55 €**	**1.342,06 €**	**1.203,75 €**

Táboa 3.10. Salario medio por sexo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 3.2. Salario medio por sexo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Comparación coa situación laboral previa ao Máster: na comparativa entre o salario medio percibido por mulleres e homes no traballo anterior á realización do máster e no traballo actual, o salario do traballo previo ao máster foi deflactado.

Obsérvase que a nivel do SUG o salario medio incrementouse de xeito importante para os titulados en másteres do SUG, 125,99 euros en termo medio, e que a mellora salarial foi máis importante para as mulleres ca para os homes. Mentres que para os homes o salario medio se viu incrementado en 94,17 euros tras a realización do máster, para as mulleres ese aumento chega ata os 144,98 euros por termo medio.

Ao analizar estes datos por ramas de coñecemento os incrementos son notables en todas ramas e para os dous sexos, cunha única excepción. Na rama de Artes e Humanidades o salario medio dos homes tras o máster sufriu unha redución de 149,33 euros en termo medio, mentres que o das mulleres desta rama ascendeu 133,06 euros. En calquera caso, a remuneración media da rama vese incrementada en 65,85 euros pola maior presenza de tituladas en másteres de sexo feminino. Nas outras catro ramas de coñecemento os incrementos salariais con respecto ao traballo previo ao máster son unha constante para os homes e mais para as mulleres. Eses incrementos son maiores no caso do sexo masculino nas ramas de Ciencias da Saúde, de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias, e no caso das mulleres na rama de Enxeñaría e Arquitectura, onde o salario delas se incrementa en máis de douscentos euros con respecto ao que tiñan no traballo previo ao máster, mentres que o dos homes avanzou menos de 30 euros.



Figura 3.3. Diferenza entre o salario medio por sexo no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.5. Valoración final

Os titulados en másteres no SUG está satisfeitos cos estudos universitarios cursados, máis das tres cuartas partes dos titulados en másteres **volverían a realizar o máster.** Por ramas de coñecemento, en todas elas esta porcentaxe atópase por riba do 70%, oscilando entre o 72,7% da rama de Ciencias e o 78,7% de Ciencias Sociais e Xurídicas. En todas as ramas incrementouse a porcentaxe de estudantes que volvería realizar o máster con respecto ao estudo previo, e especialmente notables son os cambios que se producen nas ramas de Ciencias e de Artes e Humanidades, onde esas proporcións aumentan o 11,8% e o 9,1% respectivamente.

Rama de coñecemento	Volvería a realizar o máster
Artes e Humanidades	78,3 %
Ciencias	72,7 %
Ciencias da Saúde	76,8 %
Ciencias Sociais e Xurídicas	78,7 %
Enxeñaría e Arquitectura	76,5 %
SUG	**77,3%**

Táboa 3.11. Volvería a realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.6. Resultados do Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de idiomas

Na táboa 3.12 representase a poboación de titulados no Máster universitario en Profesorado en todo o SUG no curso académico 2011-2012, que representa o 19,7% de titulados en másteres no SUG.

Universidade	Titulados en másteres 2011-2012		
	Total SUG	M.U. en Profesorado	%
A Coruña	594	149	25,1%
Santiago de Compostela	925	183	19,8%
Vigo	1.209	206	17,0%
SUG	**2.728**	**538**	**19,7%**

Táboa 3.12. Poboación no Máster universitario en Profesorado no curso 2011-2012. Resultados por universidade e para o total do SUG.

É **preciso ou obrigatorio para desempeñar o futuro emprego** (61,4%) é o motivo principal para cursalo.
En canto á situación laboral no momento de iniciar o máster, un **63,5% dos titulados xa traballaron con anterioridade a este**. Un 45,6% **simultanearon o traballo co máster**.
As vías de busca de emprego máis utilizadas son **a candidatura espontánea** (80,2%) seguida dos **portais web de emprego** (78,3%).
As competencias consideradas como máis importantes son **a comunicación oral/escrita** (4,45), a **capacidade de asumir responsabilidades** (4,41) e **a capacidade para resolver problemas** (4,38).
O tempo medio en atopar o primeiro traballo despois do máster é de 8,56 meses.
Un 92,8% **traballaron nalgún momento desde a finalización do máster**, e un 71,6% traballa actualmente.
A gran maioría **traballa en Galicia** (87,6%) e faino **cun contrato por conta allea** (81,6%). Dentro dos titulados que traballan por conta allea, un 39,1% conta cun **contrato fixo**.
Un 87,7% dos titulados no Máster universitario en Profesorado **volverían realizar o máster**.

Táboa 3.13. Perfil da poboación titulada no Máster universitario en Profesorado.

ANEXOS

Anexo I. Grupo de traballo

José Carlos de Miguel Domínguez (Director do Grupo)
David Rodríguez González (Coordinador do grupo de traballo externo)
Beatriz Valcárcel Aguiar
Alexandre Vecino Aguirre
Departamento de Economía Cuantitativa
Universidade de Santiago de Compostela

Luís Pedro Pedreira Andrade
Departamento de Economía
Universidade da Coruña

Manuel Guisado Tato
Departamento de Organización de Empresas e Marketing
Universidade de Vigo

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

M.ª Carmen Fernández Montes
Técnico de programas da ACSUG
Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Anexo II. Cuestionario

DATOS PERSOAIS

1. Sexo:

☐ Home

☐ Muller

2. Ano de nacemento: ____

3. Nacionalidade: _____

Provincia de residencia *(en caso de nacionalidade española)*: _____

4. Nivel de estudos máis alto completado pola nai:

☐ Sen estudos

☐ Estudos primarios

☐ Bacharelato/Formación profesional

☐ Universitarios medios

☐ Universitarios superiores

☐ Máster

☐ Doutoramento

☐ Outras respostas, especificar: ___

5. Nivel de estudos máis alto completado polo pai:

☐ Sen estudos

☐ Estudos primarios

